

CONTIDOS

Actualidade	1
Oportunidades	6
<i>Prácticas remuneradas</i>	6
<i>Emprego</i>	7
<i>Financiamento</i>	9
Participación dos cidadáns	11
<i>Consultas públicas aos cidadáns</i>	11
Actos xurídicos	12
<i>Actos lexislativos</i>	12
<i>Outros actos</i>	13
Sentenzas do Tribunal de Xustiza da UE	14
Estatísticas do Eurostat	17
<i>Indicadores económicos</i>	17
<i>Outros datos</i>	17
Publicacións do Tribunal de Contas da UE	19
Sondaxes do Eurobarómetro	20
Suxestións bibliográficas	21
<i>Obras dispoñibles na biblioteca da USC</i>	21
<i>Outras obras</i>	22

Para recibir un correo electrónico co anuncio de cada novo Boletín do CEDE, subscríbese á [lista de distribución](#).

Para máis información sobre este boletín e sobre o CEDE da USC, visite a nosa [páxina web](#).

Edición: Jesús M. Saavedra Carballido.

Elaboración dos contidos propios: Jesús M. Saavedra Carballido e Adrián Dolan García.

ACTUALIDADE

Eleccións ao Parlamento da UE

As eleccións ao Parlamento Europeo acabaron coa vitoria dos conservadores do partido Popular Europeo. Segundo os resultados provisorios, a dereita e, sobre todo, a extrema dereita soben, en canto a esquerda, o centro-esquerda e, sobre todo, os verdes e os liberais perden forza. No entanto, en xeral o equilibrio básico de forzas fica inalterado. • Xa comezou o proceso de negociación para elixir as persoas que ocuparán a presidencia do Consello Europeo e das que integrarán da Comisión (incluíndo a que ocupará a súa presidencia). Para a presidencia do Consello Europeo, os xefes de estado e de gobernos dos estados membros, reunidos no Consello Europeo, elixiron o socialdemócrata portugués António Costa; para ser a presidenta da Comisión por segunda vez consecutiva, os estados propón a conservadora alemá Ursula von der Leyen. Alén diso, a liberal estoniana Kaja Kallas é a preferida dos estados para ser a alta representante da UE para as Relacións Externas e a Política de Seguranza.

Resultados provisorios das eleccións [no sitio web do Parlamento Europeo](#).

Máis información [na BBC](#) (en inglés), [no Le Monde](#) (en francés) e [no EuroEFE-Euractiv](#).

Análise dos resultados [no The Guardian](#) e [no Politico](#) (en inglés), [no Le Monde](#) (en francés) e [na BBC](#).

Evolución da composición da Eurocámara desde 1979 [no Le Monde](#) (en francés).

Comunicado de prensa sobre a repartición de altos cargos [no sitio do Consello Europeo](#).

Máis información sobre a repartición de altos cargos [no Politico](#) (en inglés) e [no EuroEFE-Euractiv](#).

Futuro da Política de Cohesión

Máis de 60 millóns de cidadáns da UE viven en rexións cun PIB per cápita inferior ao do ano 2000, un terzo dos 450 millóns de cidadáns habitan en zonas que «ficaron atrás lentamente» desde o comezo do século e 75 millóns desenvolven as súas vidas en zonas con crecemento económico inexistente. Son datos do relatorio do grupo de especialistas de alto nivel nomeado pola Comisión Europea sobre o futuro da Política de Cohesión que, segundo o texto, «debe ser reformada» para tornarse nunha «ferramenta dinámica que libere o potencial económico mentres reduce as desigualdades e consolida o modelo de economía social».

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#).

Máis información [no EuroEFE-Euractiv](#).

Asilo, refuxio e inmigración

Polo menos 64 persoas que tentaban chegar á UE polo Mediterráneo están desaparecidos após o naufraxio da embarcación en que viaxaban a unhas 110 millas náuticas da costa de Calabria (sur de Italia), o que eleva a máis de 800 as persoas mortas e desaparecidas no Mediterráneo durante 2024, segundo revelaron diversas axencias da ONU. • A UE adoptou un sistema común para xestionar a migración e o asilo que entrou en vigor no 11 de xuño de 2024. Agora, a Comisión presentou o Plano de Execución Común do Pacto sobre Migración e Asilo, con dez piares fundamentais, a fin de garantir que todo estea preparado para xuño de 2026 e que os actos legislativos se tornen unha realidade palpable. A Comisión impulsa así os labores colectivos destinados a pór en prácti-

ca as normas acordadas. Antes de que 2024 termine, os estados da UE terán que deseñar os seus planos de execución, nos cales presentarán medidas concretas e explicarán como van transformar a lexislación en acción. • O Tribunal de Xustiza da UE condenou Hungría a pagar unha multa millonaria por non executar deliberadamente unha sentenza anterior sobre protección internacional de migrantes, o que o tribunal cualificou de «violación inédita e excepcionalmente grave» do dereito da UE. Segundo a sentenza, Hungría non executou deliberadamente unha sentenza de decembro de 2020 sobre protección internacional de migrantes e por iso condena ese estado a pagar unha cantidade fixa de 200 millóns de euros e a unha multa coercitiva dun millón de euros por cada día de atraso. • Marrocos, Tunisia e Mauritania desenvolveron un «sistema» contra a inmigración en que «millares de persoas de pel negra son detidas, secuestradas e abandonadas en zonas desérticas», segundo unha investigación dun consorcio internacional de xornalistas: «A UE sábeo e financia os responsables».

Máis información sobre o naufraxio [no EuroEFE-Euractiv](#).

Comunicado de prensa sobre o novo sistema de asilo [no sitio da Comisión](#).

Máis información sobre o novo sistema de asilo [no EuroEFE-Euractiv](#).

Más información sobre a condena a Hungría [no EuroEFE-Euractiv](#) e na sección sobre sentenzas neste boletín.

Máis información sobre o finamento da UE aos estados do Norte de África [no EuroEFE-Euractiv](#).

Taxas de xuros na eurozona

O Consello de Goberno do Banco Central Europeo (BCE) decidiu baixar os seus tres taxas de xuros oficiais en 25 puntos básicos. Baseándose nunha avaliación actualizada das perspectivas de inflación, a dinámica da inflación subxacente e a intensidade da transmisión da política monetaria, achou que era apropiado moderar o grao de restrición da política monetaria após nove meses en que as taxas de xuros se mantiveron sen variación. Desde a reunión do Consello de Goberno en setembro de 2023, a inflación descendeu máis de 2,5 puntos porcentuais e as perspectivas de inflación melloraron notablemente. A inflación subxacente tamén se moderou, o que reforza os sinais que indican que as presións inflacionistas se debilitaron, e as expectativas de inflación reducíronse en todos os horizontes.

Comunicado de prensa [no sitio do BCE](#) (en inglés).

Máis información [no The Guardian](#) (en inglés) e [no EuroEFE-Euractiv](#).

Lei de restauración da natureza

O Consello adoptou formalmente o Regulamento sobre a Restauración da Natureza, a primeira lei deste tipo xamais adoptada. O regulamento ten por obxecto establecer medidas para restaurar polo menos 20 % das zonas terrestres e marítimas da UE de aquí a 2030 e, de aquí a 2050, todos os ecosistemas que precisen de restauración. O albo do regulamento é mitigar a mudanza climática e os efectos das catástrofes naturais. Espérase que axude a UE a cumprir os seus compromisos internacionais en materia de ambiente e a restaurar a natureza do bloque comunitario.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

Máis información [no The Guardian](#) (en inglés) e [no EuroEFE-Euractiv](#).

Directiva do dereito á reparación

O Consello adoptou unha directiva que promove a reparación de bens avariados ou defectuosos, a coñecida como «Directiva do Dereito á Reparación». A lexislación aprobada espera facilitar que os consumidores decidan reparar un produto en lugar de substituílo, e aumentar a accesibilidade, a transparencia e o atractivo dos servizos de reparación.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

Rede transeuropea de transportes

O Consello da UE adoptou definitivamente as novas directrices para culminar en 2030 a rede transeuropea de transporte (RTE-T), que inclúe estradas, ferrocarrís, pontes e túneles transfronterizos e abarca aos corredores mediterráneo e atlántico. O Consello da UE ratificou un novo regulamento, que actualmente inclúe proxectos como a liña ferroviaria de alta velocidade Lisboa-Madrid, o ferrocarril Báltico que conecta Helsinqui e Varsovia, e o túnel base de Brenner entre Austria e Italia. O obxectivo é que os principais proxectos da rede básica da RTE-T estean finalizados antes do final de 2030, a fin de contar cun despregamento de infraestrutura amplo xa en 2050.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

Máis información [no EuroEFE-Euractiv](#).

Regras para a Intelixencia Artificial

O Consello adoptou unha modificación do Regulamento da Empresa Común Europea de Informática de Alto Rendemento (EuroHPC) para pór a súa capacidade ao servizo de peme e empresas emerxentes de Intelixencia Artificial (IA), coñecidas como «fábricas de IA». Co regulamento adoptado, a empresa común EuroHPC promoverá e explotará fábricas de IA, instalacións que deberán incluír un supercomputador de IA, un centro de datos asociado e servizos de supercomputación orientados á IA. As actividades cubertas polas fábricas de IA estarán abertas a usuarios públicos e privados, con condicións de acceso ad hoc para novas empresas e peme. As entidades anfitroas das fábricas de IA terán dereito a recibir axuda financeira da UE para cubrir até 50 % dos custos de adquisición dos supercomputadores de IA, e até 50 % dos seus custos de funcionamento. Os supercomputadores de IA serán usados principalmente para desenvolver e probar modelos, aplicacións e solucións de formación en IA.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

Máis información [no EuroEFE-Euractiv](#).

Axudas do Banco Europeo de Investimentos

O Banco Europeo de Investimentos (BEI) aprobou 12.800 millóns de euros de novo financiamento para mellorar o transporte sustentable, aumentar o uso de enerxía renovable, construír novas vivendas para estudantes, mellorar a protección contra terremotos e inundacións, e axudar á expansión das empresas. «Estes investimentos mellorarán vidas e sinalan o compromiso do Grupo BEI de continuar a apoiar investimentos específicos que impulsarán a resiliencia, o crecemento da produtividade e a innovación en Europa», afirmou a presidenta do BEI, a española Nadia Calviño.

Comunicado de prensa [no sitio do BEI](#) (en inglés).

Sancións contra Rusia

Os estados membros, reunidos no Consello, aprobaron un novo paquete de sancións contra Rusia por invadir a Ucraína, o décimo cuarto, que inclúe restricións á transferencia de gas natural licuado ruso en portos da UE. O acordo, alcanzado após superar as reticencias de Alemaña, tamén contempla medidas contra a chamada «flota na sombra» rusa que transporta petróleo e axuda a esquivar sancións xa impostas ao cru ruso. O Consello tamén acordou outorgar á Ucraína un primeiro pagamento de 1.400 millóns de euros procedentes dos beneficios extraordinarios dos activos rusos inmovilizados pola sancións comunitarias, que se destinarán a comprar material militar para a defensa contra Rusia.

Comunicado de prensa sobre as sanción [no sitio do Consello](#) (en inglés).

Máis información sobre as sancións [no *Político*](#) (en inglés) e [no *EuroEFE-Euractiv*](#).

Máis información sobre o financiamento [no *EuroEFE-Euractiv*](#).

Impostos para os vehículos eléctricos chineses

A UE notificou á China a intención de impor impostos alfandegarios de até 38 % ás importacións de vehículos eléctricos chineses, o que provocará unha probable guerra comercial con China. Os impostos aplicaríanse provisoriamente a partir de xullo de acordo coas regras da Organización Mundial do Comercio, que dan á China catro semanas para impugnar calquera evidencia que a UE proporcione para xustificar os impostos introducidos. A China respondeu de inmediato, prometendo tomar «todas as medidas necesarias para defender firmemente os dereitos e intereses lexitimos das empresas chinesas».

Máis información [no *The Guardian*](#) (en inglés) e [no *EuroEFE-Euractiv*](#).

Academia de Cero Emisións Netas

A Comisión puxo en marcha a Academia Solar Europea, a primeira dunha serie de academias comunitarias que se crearán en virtude da Lei sobre a Industria de Cero Emisións Netas (NZIA, polas siglas en inglés), a fin de dispor das capacidades necesarias ao longo das cadeas de valor das tecnoloxías de cero emisións netas. O papel das academias NZIA é desenvolveren contidos e programas de aprendizaxe xunto coa industria, a fin de garantir que a cadea de valor conte con suficientes capacidades e man de obra.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#).

Relatorio sobre drogas

As substancias sintéticas potentes, que ás veces se venden de forma enganosa e mesturadas con outras drogas e medicamentos, teñen unha presenza crecente na UE, onde o «policonsumo» se tornou «habitual». É a principal conclusión do relatorio anual publicado polo Observatorio Europeo das Drogas e as Toxicomanías (EMCDDA, polas súas siglas en inglés), con sede en Lisboa, que constatou de que a dispoñibilidade de substancias no continente «continúa a ser alta». Os cidadáns da UE están expostos a unha gama máis ampla de psicotrópicos, polo xeral «de gran potencia e pureza ou en novas formas, mesturas e combinacións», segundo o EMCDDA, que sinalou que os consumidores poden non ser conscientes do que toman e acabar cunha intoxicación potencialmente mortal.

Comunicado de prensa [no sitio do EMCDDA](#) (en inglés)

Máis información [no *EuroEFE-Euractiv*](#).

Calidade das augas de baño

Segundo o relatorio anual sobre as augas de baño publicado pola Axencia Europea do Ambiente xuntamente coa Comisión, en 2023 a gran maioría (85,4 %) das zonas de augas de baño da UE cumpriron as normas de calidade máis estritas e foron cualificadas de «excelentes». Aínda que unha gran maioría cumpra as normas máis estritas de calidade para o baño, case 96 % das augas de baño declaradas oficialmente na UE cumpren polo menos as normas mínimas de calidade. Só 1,5 % recibiu a cualificación de «pobre» (321 das 22 081 zonas de baño), o que significa que presentan riscos para a saúde dos bañistas.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#).

Premio Rexión Emprendedora Europea para Galicia

Galicia recibiu o premio Rexión Emprendedora Europea, que recoñece os territorios da UE que teñen unha estratexia empresarial «destacada e innovadora», polo seu «compromiso exemplar» co fomento do espírito empresarial para revitalizar as zonas rurais e contrarrestar o despoboamento e o envellecemento dos seus habitantes.

Máis información [no EuroEFE-Euractiv](#).

OPORTUNIDADES

Selección das convocatorias recentes consideradas máis relevantes.

Prácticas remuneradas

Para unha lista máis completa de posibles ofertas, pode consultarse [este documento](#).

- Para estudantes de ciencias, [a través de Euraxess](#) (buscando *traineeship* e *trainee*) (en inglés). Varios prazos.
- [Centro Común de Investigación](#) (Joint Research Centre, JRC) (en inglés). Varios prazos.
- [yBanco Central Europeo \(BCE\)](#). Varios prazos.
- [Autoridade Europea dos Valores Mobiliarios e dos Mercados \(ESMA\)](#). Varios prazos.
- [Servizo Europeo para a Acción Externa \(EEAS\)](#). Varios prazos.
- [Comité Económico e Social \(CESE, EESC\)](#). Prazo até 30 de setembro.
- [Banco Europeo de Investimento \(BEI\) e Fondo Europeo de Investimento](#). Prazo até 1 de xullo.
- [Centro de Satélites da UE \(SatCen\)](#). Prazo até 1 de xullo.
- [Servizo Europeo de Policía \(EuroPol\)](#). Prazo até 8 de xullo.
- [Axencia Europea para a Xestión Operacional de Sistemas Informáticos de Grande Escala no Espazo de Liberdade, Seguraza e Xustiza \(eu-LISA\)](#). Prazo até 15 de xullo.
- [Comité das Rexións \(CdR, CoR\)](#). Prazo até 15 de xullo.
- [Tribunal de Xustiza da UE \(TXUE\)](#). Prazo até 15 de setembro.
- [Autoridade Bancaria Europea \(EBA\)](#). Sen prazo.

Emprego

Para unha lista máis completa de posibles ofertas, pode consultarse [este documento](#).

- Empregos para investigadores financiados polas [accións Marie Skłodowska-Curie en diferentes campos científicos](#) (sección *Job vacancies*, en inglés). Varios prazos.
- [Empregos para investigadores no Centro Común de Investigación da Comisión \(Joint Research Centre, JRC\)](#) (en inglés). Varios prazos.
- [Empregos para investigadores científicos ofrecidos por Euraxess](#) (en inglés). Varios prazos.
- [Procesos de selección da EPSO](#) para a Comisión e diferentes institucións, organismos e axencias da UE. Varios prazos.
- [Servizo Europeo para a Acción Externa \(EEAS\)](#). Varios prazos.
- [Axencia Europea das Substancias Químicas \(ECHA\)](#). Varios prazos.
- [Servizo Europeo de Policía \(EuroPol\)](#). Varios prazos.
- [Banco Europeo de Investimento \(BEI\) e Fondo Europeo de Investimento](#). Varios prazos.
- [Axencia Europea para a Xestión Operacional de Sistemas Informáticos de Grande Escala no Espazo de Liberdade, Seguranza e Xustiza \(eu-LISA\)](#). Varios prazos.
- [Axencia para a Cooperación entre os Organismos Regularadores da Enerxía estatais \(ACER\)](#). Varios prazos.
- [Fiscalía da UE \(EPPO\)](#). Varios prazos.
- [Axencia Europea de Defensa \(AED, EDA\)](#). Varios prazos.
- [Axencia Executiva para as PeME \(EISMEA\)](#). Varios prazos.
- [Instituto Universitario Europeo de Florencia](#). Varios prazos.
- [Autoridade Europea dos Valores Mobiliarios e dos Mercados \(ESMA\)](#). Varios prazos.
- [Axencia Executiva do Consello Europeo para a Investigación \(ERCEA\)](#). Prazo até 1 de xullo.
- [Axencia da UE para o Programa Espacial \(EUSPA\)](#). Prazo até 2 de xullo.
- [Centro de Satélites da UE \(SatCen\)](#). Prazo até 4 de xullo.
- [Empresa común para o Ferrocarril en Europa \(antiga Shift2Rail\)](#). Prazo até 5 de xullo.
- [Autoridade Bancaria Europea \(EBA\)](#). Prazo até 8 de xullo.
- [Comité Único de Resolución \(CUR, SRB\)](#). Prazo até 8 de xullo.
- [Autoridade Europea dos Seguros e Pensións de Xubilación \(EIOPA\)](#). Prazo até 8 de xullo.
- [Instituto Europeo para a Innovación e a Tecnoloxía \(EIT\)](#). Prazo até 10 de xullo.
- [Axencia Ferroviaria Europea \(ERA\)](#). Prazo até 13 de xullo.

- [Axencia Executiva para a Saúde e o Dixital \(HaDEA\)](#). Prazo até 15 de xullo.

Financiamento

Acción externa

- Sociedade civil en Etiopía. Prazo até 15 de xullo.
- Dereitos humanos e democracia en Uzbekistán. Prazo até 19 de xullo.
- ONG da África do Sur. Prazo até 8 de agosto.
- Sociedade civil na rexión do Océano Índico. Prazo até 27 de agosto.

Investigación e innovación

- Aceleración da fabricación do IET. Prazo até 27 de xullo.
- Busca na Internet de próxima xeración. Prazo até 29 de xullo.
- Faro europeo para unha IA fiable e ecolóxica. Prazo até 31 de xullo.
- STARHAUS. Prazo até 31 de xullo.
- Bolsas avanzadas do Consello Europeo de Investigación. Prazo até 28 de agosto.
- Procesadores europeos baseados en RISC-V. Prazo até 29 de agosto.
- Plataforma Europea da Industria da Fusión. Prazo até 17 de setembro.
- Nube Europea de Ciencia Aberta. Prazo até 19 de setembro.
- Ecosistemas de Innovación Interconectados. Prazo até 19 de setembro.
- Avaliación do estado das infraestruturas de investigación na Ucraína. Prazo até 19 de setembro.
- Fondo de Investigación do Carbón e do Aceiro 2024. Prazo até 24 de setembro.
- Observatorio dos bosques europeos. Prazo até 1 de outubro.
- Investigación contra o cancro. Prazo até 10 de outubro.
- NetZeroCities. Prazo até 14 de outubro.
- EIC Pathfinder Challenges 2024. Prazo até 16 de outubro.
- Ríos europeos sen plásticos. Prazo até 29 de novembro.

Transporte

- Benestar animal durante o transporte. Prazo até 31 de xullo.

Política rexional

- HealthChain. Convocatoria aberta para peme. Prazo até 5 de agosto.
- HealthChain. Rexións Espello. Prazo até 5 de agosto.
- Investimentos en Innovación Interrexional. Capítulo 2. Prazo até 5 de decembro.

- [Investimentos en Innovación Interrexional. Capítulo 1](#). Prazo até 5 de decembro.

Mercado único

- [Segunda convocatoria LEVIATAD](#). Prazo até 8 de agosto.

Europa dixital

- [Impulso da ciberresiliencia](#). Prazo até 18 de agosto.
- [Espazo europeo de datos para comunidades](#). Prazo até 1 de setembro.

Empresas

- [Programa de subvencións para empresas turísticas](#). Prazo até 28 de agosto.
- [Peme do sector da electromobilidade](#). Prazo até 31 de xullo.

Política Agrícola Común

- [Inquérito sobre pragas](#). Prazo até 25 de setembro.

Educación e deporte

- [Premios #BeInclusive ao deporte da UE](#). Prazo até 25 de setembro.

Espazo de liberdade, seguranza e xustiza

- [Loita contra a corrupción](#). Prazo até 26 de setembro.

Saúde e alimentación

- [Avaliación de riscos de novos alimentos](#). Prazo até 21 de novembro.

Cultura

- [Nube Europea para o Patrimonio Cultural](#). Prazo até 22 de xaneiro de 2025.

PARTICIPACIÓN DOS CIDADÁNS

Iniciativas e consultas abertas recentemente.

Máis información sobre as posibilidades de participación cidadá na UE.

Consultas públicas aos cidadáns

Espazo de liberdade, seguranza e xustiza

- Aplicación da Estratexia da UE sobre Drogas e do Plano de Acción da UE sobre Drogas 2021-2025: Avaliación. Prazo até 26 de agosto.

Cultura

- Programas no marco de Europa Creativa: Avaliacións. Prazo até 6 de setembro.
- Capitais Europeas da Cultura: Avaliación intermedia para 2024. Prazo até 24 de setembro.

Asuntos marítimos e pesca

- Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) (2014-2020): Avaliación ex post. Prazo até 13 de setembro.
- Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) (2021-2027): Avaliación intermedia. Prazo até 13 de setembro.

Comercio

- Acordo Económico e Comercial Global entre a UE e o Canadá (CETA): Avaliación. Prazo até 16 de setembro.

Mercado único

- Recoñecemento mutuo de mercadorías: Avaliación. Prazo até 26 de setembro.

ACTOS XURÍDICOS

Selección dos actos considerados máis relevantes.

Actos legislativos

- Regulamento (UE) 2024/1347 do Parlamento Europeo e do Consello, de 14 de maio de 2024, sobre normas relativas aos requisitos para o recoñecemento de nacionais de terceiros estados ou apátridas como beneficiarios de protección internacional, a un estatuto uniforme para os refuxiados ou para as persoas que poden acollerse a protección subsidiaria e ao contido da protección concedida, e polo cal se modifica a Directiva 2003/109/CE do Consello e se derroga a Directiva 2011/95/UE do Parlamento Europeo e do Consello.
- Regulamento (UE) 2024/1348 do Parlamento Europeo e do Consello, de 14 de maio de 2024, por que se establece un procedemento común en materia de protección internacional na UE e se derroga a Directiva 2013/32/UE.
- Regulamento (UE) 2024/1349 do Parlamento Europeo e do Consello, de 14 de maio de 2024, por que se establece un procedemento fronteirizo de retorno e se modifica o Regulamento (UE) 2021/1148.
- Regulamento (UE) 2024/1351 do Parlamento Europeo e do Consello, de 14 de maio de 2024, sobre a xestión do asilo e a migración, por que se modifican os Regulamentos (UE) 2021/1147 e (UE) 2021/1060 e se derroga o Regulamento (UE) n.º 604/2013.
- Regulamento (UE) 2024/1356 do Parlamento Europeo e do Consello, de 14 de maio de 2024, por que se introduce a triaxe de nacionais de terceiros estados nas fronteiras externas e se modifican os Regulamentos (CE) n.º 767/2008, (UE) 2017/2226, (UE) 2018/1240 e (UE) 2019/817.
- Regulamento (UE) 2024/1359 do Parlamento Europeo e do Consello, de 14 de maio de 2024, por que se abordan as situacións de crise e de forza maior no ámbito da migración e o asilo e por que se modifica o Regulamento (UE) 2021/1147.
- Directiva (UE) 2024/1346 do Parlamento Europeo e do Consello, de 14 de maio de 2024, por que se establecen normas para o acollemento dos solicitantes de protección internacional.
- Directiva (UE) 2024/1385 do Parlamento Europeo e do Consello, de 14 de maio de 2024, sobre o combate á violencia contra as mulleres e a violencia doméstica.
- Directiva (UE) 2024/1499 do Consello, de 7 de maio de 2024, sobre as normas relativas aos organismos para a igualdade en cuestións de igualdade de tratamento entre as persoas independentemente da súa orixe racial ou étnico, de igualdade de tratamento entre as persoas en materia de emprego e ocupación independentemente da súa relixión ou crenza, discapacidade, idade ou orientación sexual, e de igualdade de tratamento entre mulleres e homes en materia de seguranza social e no acceso a bens e servizos e a súa subministración, e por que se modifican as Directivas 2000/43/CE e 2004/113/CEE.

- Directiva (UE) 2024/1500 do Parlamento Europeo e do Consello, de 14 de maio de 2024, sobre as normas relativas aos organismos para a igualdade en cuestións de igualdade de tratamento e de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en materia de emprego e ocupación, e por que se modifican as Directivas 2006/54/CE e 2010/41/UE.

Outros actos

- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Plano común de aplicación do Pacto sobre Migración e Asilo.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO E AO CONSELLO Pesca sustentable na UE: Situación actual e orientacións para 2025.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO CONSELLO relativa ao concepto de forza maior e circunstancias excepcionais no Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre o financiamento, a xestión e o seguimento da política agrícola común.

SENTENZAS DO TRIBUNAL DE XUSTIZA DA UE

Selección das sentenzas, autos e ditames considerados máis relevantes.

Dereito institucional

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-123/22](#), condenou, no dominio da política de asilo, a Hungría a pagar unha cantidade con montante fixo de 200 millóns de euros e unha multa coercitiva dun millón de euros por cada día de atraso, por non executar unha sentenza do Tribunal de Xustiza.

[Resumo da sentenza.](#) (Máis información na sección sobre a actualidade, neste mesmo boletín.)

Aproximación das lexislacións

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-400/22](#), resolveu, sobre os pedidos en liña, que o botón de pedido ou unha función similar deben indicar claramente que o consumidor fica suxeito a unha obrigaçión de pagamento ao picar neles. Isto é así mesmo cando a obrigaçión de pagamento aínda depende do cumprimento dunha condición posterior

[Resumo da sentenza.](#)

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-547/22](#), resolveu, no dominio da contratación pública, que o licitador ilegalmente excluído dun procedemento de licitación pode reclamar unha indemnización por perda de oportunidade.

[Resumo da sentenza.](#)

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-296/23](#), resolveu, sobre a publicidade de biocidas, que o dereito da UE prohíbe a utilización da indicación «respectuoso coa pel».

[Resumo da sentenza.](#)

Asilo, refuxio e inmigración

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-540/22](#), resolveu, sobre os Traballadores ucráinos desprazados, que o estado membro en que se realiza o traballo pode impor a obrigaçión de obter un permiso de residencia.

[Resumo da sentenza.](#)

Espazo de liberdade, seguranza e xustiza

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-646/21](#), resolveu, no dominio da protección internacional, que se pode conceder o estatuto de refuxiadas ás mulleres que se identifican co valor da igualdade entre mulleres e homes.

[Resumo da sentenza.](#)

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-563/22](#), resolveu que aos apátridas de orixe palestina rexistrados na UNRWA se lles debe conceder, en principio, o estatuto de refuxiado se se considerar que a protección ou asistencia dese organismo cesou. Debe considerarse que a asistencia ou protección da UNRWA cesou para o solicitante, en particular, se, pola razón que for, o referido organismo xa non pode garantir unhas condicións de vida dignas ou unhas condicións

mínimas de seguranza a ningún apátrida de orixe palestina, residente no sector da zona de operacións da UNRWA en que o solicitante tiña a súa residencia habitual.

[Resumo da sentenza.](#)

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-352/22](#), resolveu que a concesión do estatuto de refuxiado nun estado membro se opón á extradición do interesado para o seu estado de orixe. En canto a autoridade que concedeu ese estatuto non o revogue ou retire, o interesado non pode ser extraditado, con independencia dos motivos subxacentes á petición de extradición.

[Resumo da sentenza.](#)

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-753/22](#), resolveu, sobre o estatuto de refuxiado, que un estado membro non está obrigado a recoñecer automaticamente o estatuto de refuxiado concedido noutro estado membro.

[Resumo da sentenza.](#)

Libre prestación de servizos

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa aos asuntos acumulados [C-662/22](#) e [C-667/22](#), [C-663/22](#), [C-664/22](#) e [C-666/22](#), e [C-665/22](#), resolveu, no dominio do comercio electrónico, que un estado membro non pode impor obrigacións adicionais a un prestador de servizos en liña establecido noutro estado membro.

[Resumo da sentenza.](#)

Concorrencia

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-221/22 P](#), resolveu que a Comisión debe pagar xuros sobre as multas que impuxese indebidamente en materia de concorrencia e cuxos montantes percíbise con carácter provisorio. A finalidade deses xuros é indemnizar cunha cantidade fixa a empresa afectada pola privación do gozo do montante en cuestión.

[Resumo da sentenza.](#)

Axudas de estado

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-441/21 P](#), confirmou, no dominio da Covid-19, a decisión da Comisión pola cal se autorizou o Fondo de apoio á solvencia de empresas estratéxicas españolas. Ryanair impugnara esa decisión, relativa a un réxime de axudas cun importe de 10.000 millóns de euros.

[Resumo da sentenza.](#)

Fiscalidade

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-110/23 P](#), resolveu que o tratamento autonómico do imposto especial sobre hidrocarburos que se aplicou en España entre 2013 e 2018 era ilegal, e confirmou que a exención total do imposto de sociedades da que se beneficiou o porto de Bilbao tampouco se axustaba á lei.

Máis información [no EuroEFE-Euractiv](#).

Emprego

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa aos asuntos acumulados [C-331/22](#) e [C-332/22](#), avalou avalou tornar os interinos en traballadores con contrato indefinido como medida sancionadora contra o abuso de contratos temporais, coa condición de que «non implique unha interpretación do dereito estatal contraria á lei».

Máis información [no *EuroEFE-Euractiv*](#).

ESTADÍSTICAS DO EUROSTAT

Todas as estatísticas son en inglés.

Indicadores económicos

- Producción na construción.
- Inflación anual na eurozona.
- Custo da man de obra na eurozona.
- Oferta de emprego na eurozona.
- Superávit do comercio internacional de mercadorías na eurozona.
- Producción industrial.
- PIB e emprego na eurozona.
- Producción no sector dos servizos.
- Volume de comercio retalista.
- Prezos da produción industrial.
- Desemprego na eurozona.

Outros datos

- Moedas usadas no comercio extracomunitario.
- Consumo familiar e prezos.
- Peticións de asilo.
- Superficie de cultivo ecolóxico.
- Risco de pobreza e exclusión social.
- Risco de pobreza.
- Consumo individual efectivo.
- Estatísticas chave.
- A EU e as metas de desenvolvemento sustentable.
- Débeda pública bruta.
- Taxa de emprego.
- Fluxos do mercado de traballo.
- Mulleres empregadas no sector da ciencia e a tecnoloxía.

- Persoas mozas que nin traballan nin estudan.
- Gasto en pensións.
- Empregos no sector das finanzas e os seguros.
- Persoas con protección temporal.
- Pernoitas turísticas.
- Inversión en protección ambiental.
- Uso de enerxía das familias.
- Comercio interno na UE.
- Persoas que podían votar nas eleccións ao Parlamento da UE:
- Comercio de bicicletas.
- Participación en consultas ou votacións en liña.
- Produción de leite.
- PIB da UE no mundo.
- Horas de traballo semanais.
- Verificación de contidos en liña e competencias dixitais básicas.
- Emprego no sector turístico.
- Uso de Intelixencia Artificial na empresas.
- Demanda de gas natural.
- Gasto en prestacións familiares.

PUBLICACIÓNS DO TRIBUNAL DE CONTAS DA UE

- Relatorio Especial 09/2024: Seguranza do abastecemento de gas na UE.

SONDAXES DO EUROBARÓMETRO

Actitudes sobre o comercio e a política comercial da UE

62 % das persoas consultadas di que se beneficia do comercio internacional, por razóns como unha maior variedade de opcións para o consumidor e produtos máis accesibles. O apoio ao papel central da UE na negociación e defensa dos intereses dos estados membros segue sendo forte: 74 % dos cidadáns concorda que a UE é máis eficaz á hora de defender os intereses comerciais dos estados membros que os estados membros que actúan por si sós.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

Actitudes sobre o tabaco e os produtos afíns

A sondaxe do Eurobarómetro sobre as actitudes perante o tabaco e os produtos relacionados fornece información sobre a prevalencia e o consumo de tabaco e de produtos relacionados na UE, alén de sobre as actitudes dos cidadáns da UE sobre as políticas de control do tabaco, os cigarros electrónicos e os produtos de tabaco quentado. Segundo o inquérito, en xeral os cidadáns da UE son a favor de medidas destinadas a controlar o uso destes produtos.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

SUXESTIÓNS BIBLIOGRÁFICAS

Obras dispoñibles na biblioteca da USC

Almudí Cid, José Manuel, e Miguel Ángel Martínez Lago, eds. 2023. *Comentarios a la Ley 11/2021 de medidas de prevención y lucha contra el fraude fiscal*. A Coruña: Editorial Colex.

Un dos principais problemas que os sistemas tributarios encaran na actualidade é o da fraude fiscal. Este fenómeno vese acentuado pola globalización da economía, os novos modelos de negocios e a aparición de avances tecnolóxicos disruptivos. Isto torna necesaria unha estratexia integral e internacional de loita contra a fraude fiscal. Neste contexto aprobouse a Lei 11/2021, de 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal, de transposición da Directiva (UE) 2016/1164, do Consello, de 12 de xullo de 2016, pola cal se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interno, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo. Esa lei introduce modificacións en diversos dominios do ordenamento español, nomeadamente en materia tributaria, cunha finalidade dupla. Por un lado, para proceder á incorporación do dereito da UE ao ordenamento interno no ámbito das prácticas de elusión fiscal. Polo outro, para incorporar mudanzas na regulación dirixidas a asentar uns parámetros de xustiza tributaria e facilitar as actuacións tendentes a previr e loitar contra a fraude reforzando o control tributario.

Fuentes Naharro, Mónica. 2023. *La digitalización del derecho de sociedades: la directiva 2029/1151 y transposición al derecho español*. Cizur Menor: Aranzadi.

A implementación da Directiva (UE) 2019/1151, de 20 de xuño de 2019, relativa á utilización de ferramentas e procesos dixitais no ámbito do dereito de sociedades, pola cal se reforma a Directiva 2017/1132 de sociedades (versión consolidada ou codificada), exige incorporar algunhas reformas relevantes no ordenamento societario español. A este fin responde a recentemente aprobada Lei 11/2003 de transposición (ómnibus) de directivas europeas en virtude da cal se aborda a dixitalización de actuacións notariais e rexistras. As reformas que exige a correcta implementación da directiva comportan principalmente (aínda que non só) posibilitar a constitución integramente electrónica de, polo menos, sociedades de responsabilidade limitada, alén da presentación tamén integramente electrónica — e o outorgamento previo das correspondentes escrituras — no Rexistro Mercantil de todos aqueles actos xurídicos e todas as indicacións relevantes que afectan o ciclo vital da sociedade. Por último, a directiva tamén exige avanzar na información e efectos transfronteirizos (intracomunitarios) dos administradores inhabilitados. Esta obra analiza o réxime da directiva e da súa lei de transposición ao dereito de sociedades español, alén daqueles aspectos do seu réxime aínda pendentes de seren implementados.

Guerrero Palomares, Salvador, ed. 2023. *Tratado sobre la Fiscalía Europea y el procedimiento penal especial de la L.O. 9/2021, de 1 de julio*. Cizur Menor: Aranzadi.

A Fiscalía Europea, creada polo Regulamento (UE) 2017/1939, do Consello, de 12 de outubro, ten como función investigar e, se for o caso, axuizar, os supostos responsables da comisión de delitos contra os intereses financeiros da UE establecidos na Directiva 2017/1371, do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de xullo. Ao longo de vinte e oito capítulos distribuídos en dez bloques temáticos, especialistas de diversos ámbitos — entre eles integrantes da propia Fiscalía Europea española — dan un tratamento integral ao novo órgano comunitario, e ao procedemento penal especial para a investigación e exercicio da acción penal nos delitos de competencia da Fiscalía Europea en España.

Outras obras

Ceron, Matilde, Thomas Christiansen, e Dionyssis G. Dimitrakopoulos, eds. 2024. *The Politicisation of the European Commission's Presidency: Spitzenkandidaten and Beyond*. Cham: Springer. <https://doi.org/10.1007/978-3-031-48173-4>.

Esta obra é o primeiro esforzo sistemático para investigar as ramificacións da introdución do proceso de *Spitzenkandidaten* para a elección da presidenta da Comisión Europea. Faino examinando as dúas primeiras aplicacións do proceso de *Spitzenkandidaten* cunha perspectiva histórica, xurídica e política. Este proceso estimulou o debate sobre o seu impacto nas eleccións da UE e o sistema político da UE, mais aínda non foi analizado exhaustivamente polos especialistas académicos. Este libro fornece un marco conceptual para analizar o impacto do proceso de *Spitzenkandidaten*, fai un balance das súas repercusións internas, interinstitucionais e constitucionais, e avalía as súas perspectivas futuras. De natureza interdisciplinaria, o libro trata varios temas importantes, incluíndo as eleccións comunitarias, a formulación de políticas da UE, o liderado, a lexitimidade, o supranacionalismo e a integración comunitaria.

Campins Eritja, Mar, e Xavier Fernández-Pons, eds. 2024. *Deploying the European Green Deal Protecting the Environment Beyond the EU Borders*. Londres: Taylor & Francis. <https://doi.org/10.4324/9781003390510>.

Este libro explora como está a ser implementado o Pacto Verde Europeo e analiza como a UE tenta promover a protección do ambiente en terceiros estados. Comeza avaliando a estado da cuestión en termos conceptuais e analiza iniciativas sectoriais que son particularmente relevantes para o despregamento das dimensións externas do Pacto Verde Europeo. Entre elas están o Mecanismo de Axuste de Carbono en Fronteira, a acción regulatoria da UE no control das emisións marítimas, a Estratexia de Biodiversidade 2030, a Iniciativa de Deforestación, a Iniciativa de Contaminación Cero, a Iniciativa do Prado ao Prato e a Iniciativa de Neutralidade Climática e Enerxía Limpa no contexto do Tratado sobre a Carta da Enerxía. A seguir, abórdanse aspectos horizontais do Pacto Verde Europeo que tamén teñen dimensións externas, como a Diplomacia do Pacto Verde, a Contratación Pública Verde, as medidas de financiamento, as iniciativas relacionadas coa sustentabilidade corporativa e a debida dilixencia, e a implementación e cumprimento dos acordos da lexislación ambiental da UE. Este volume conclúe cunha análise transversal de como a UE pode fortalecer o impacto do seu poder normativo na gobernanación ambiental internacional, e das súas limitacións.

Högenauer, Anna-Lena, e Matúš Mišík, eds. 2024. *Small States in EU Policy-Making: Strategies, Challenges, Opportunities*. Oxford: Routledge. <https://doi.org/10.4324/9781003380641>.

Este libro analiza como os estados pequenos utilizan unha sere de estratexias para condicionaren a formulación de políticas da UE. As contribucións a este volume estudan como os estados pequenos poden exercer influencia nas diferentes institucións, argumentando que, de feito, seguen diferentes estratexias dependendo do contexto institucional. Os estudos de casos sobre as políticas externa e de seguranza da UE confirman estes achados: os estados pequenos poden ter influencia na formulación de políticas da UE e poden crear situacións nas que se satisfagan as súas necesidades. Teñen máis probabilidades de ter éxito cando crean coalicións de política externa, cando anticipan acontecementos económicos importantes e cando conseguen adquirir un alto nivel de experiencia nunha área política concreta. Con todo, os estudos de casos tamén mostran que existe o risco de os estados pequenos tornárense en seguidores de políticas nos casos en que non poden ofrecer ningún liderado en termos de ideas e experiencia e/ou non conseguen xerar peso político a través de coalicións.